



I.E.S AQUIS CELENIS
MARZO 2001



Ruxe-Ruxe

iiiOla compañeir@s!!!

Xa tendes nas vosas mans o novo número da revista máis "cañeira" de tódolos tempos, a "Ruxe-Ruxe".

¿Gustouche a primeira, non si? Pois esta é moitísimo mellor.

Primeiramente quero volta-la vista atrás e recorda-l@s redactores e redactoras que participaron no primeiro número e que agora, por diversas causas, xa non poden seguir como partícipes da nosa revista.

Eles son Saúl Ares e Sandra Gíao. Dende a redacción mandámosvos un saúdo e desexámosvos moita sorte alá onde vaiades.

Uns marchan e outr@s veñen, e este ano temos que dálle-la benvida a nov@s colaboradores/as. Gracias por unirvos ó grupo.

E como non, tamén estamos @s veteran@s, aqueles que, se Deus quere, abandonarémo-la revista o vindeiro ano para comeza-la tortura da universidade.

Pois ben, despois dun longo traballo de enmaquetación (coma sempre), de selección de artigos e de todo tipo de "misións imposibles", xa te-la revista nas túas mans con moitísimas novidades.


Dende a redacción só queremos dicirvos que goceades dela e que apreciéde-lo esforzo que nos supuxo sacala á luz.

E unha millonada de gracias para Puri e Ramón, que sempre estiveron aí cando nos fixeron falla.

Tamén a Chema, pola súa achega gráfica ¿Fixástesvos na nosa mascota? ¿A que mola?

iiAh!! Benvid@s a tód@l@s que sodes nov@s no centro, sabedes que estades invitad@s a participar connosco neste proxecto.

A Redacción



Contido:

Sucesos	2
Ecoloxía	3
Voces	4
Muller	6
Sala de profesores	8
Opinión	11
Música	14
Creación Literaria	16
¿Opinas?	20
@s alumn@s falamos	22
Lingua	24
Pompas Fúnebres	26
Deportes	27
Cruces "al desnudo"	28
Pasatempos	30

Sucesos



¡Explosión no Insti! (ou ¡Susos, non te queimes!)

¿Sabedes que estoupou unha bombona na aula de ciencias? Aínda non se investigou se as causas foron naturais ou sobrenaturais. Sexa como for, os alumnos/as estamos pensando en pedir un plus de perigosidade á Consellería, por se as moscas...

¡E foron felices...!

¡En hora boa a esa parella que casou este ano! ¿Tiñádelo caladiño, eh? Pois ala, ¡a ghosar!

¡Grande éxito da compañía Pingallas! Dirixida polo gran Antonio Pena, e interpretada polos estudantes actores e actrices Nuria, Breo, Cris, Rubén, Arturo, Fran, Miguel, Clara, Javi e Alicia, a obra *En tódalas casas cocen fabas* foi unha vez máis un éxito de público e de crítica. ¿Para cando a seguinte estrea?

Por un cambio de rumbo...

Co novo milenio estreamos directiva: Maria, Loli, Rosales e Alberto. Que todo vaia vento en popa e, ollo, ¡non toleedes!

¿Que pasa con 2º da ESO?

Na sala de profes, nos corredores, na cafetería non se fala doutra cousa... ¿Que pasa con estes pequenos? ¿Comerían todos chuletón de vaca tola?

¡Úsao, úsao, úsao!

Porque é saudábel. E económico. E natural. Porque é teu. Úsao con todos e con todas. ¡SEMPRE EN GALEGO!

Aviso desde o alén á vila de Caldas:

“Ante a inoperancia dos políticos, ide facendo unha arca, como fixen eu.” (NOÉ).

Folgas e folguiñas.

Que se os salarios conxelados, que se a violencia machista, que se o ensino en galego... Milleiros de razóns para protestar, aínda que algúns só pensasen en non ter clase...

Fenómenos estraños nos servicios.

Unha gran nube de fume gris invade todos os días os nosos baños, o papel espállase “só” polas paredes e os retretes, e un estraño olor a m. invádenos... Desde estas páxinas reclamamos un pouco de civismo e a fumar á cafetería, raios!!

¡Wanted!.

Profesora de música, profesor de física e química e profesora de historia desaparecidos de Instituto. Foron vistos por última vez nos grises corredores dunha Consellería *de cuyo nombre no quiero acordarme*. Recompensa: unha fin de semana en Sogama.

Aplausos a Lola polo seu traballo ó empregar a lingua galega na aula... ¡Hai que tomar exemplo!

Reducir para empezar

Ó comezo do curso un grupo de alumnas e alumnos de 3º da E.S.O. iniciaron no instituto o que deron en chamar unha liga de reciclaxe. Adornáronno-lo centro con carteis que nos invitaban a reciclar latas, papel-cartón e pilas, ademais de collocaren en cada aula unha caixa para que os seus compañeiro/as depositasen a folla de papel que tan enerxicamente arrincan dos cadernos cando as cousas non marchan ben na clase ou simplemente deixan folios de máis despois de encheren os ocos deixados para completa-los apuntamentos que o profesorado dicta tan rápido. As caixas serían rapidamente baleiradas por eles mesmos nos recreos, o que só supón perder uns poucos minutos deste apreciado e escaso tempo de lecer.

Hai que agradece-lo esforzo destas mozas e mozos por espertar na nosa comunidade educativa a necesidade de separa-las distintas fraccións do lixo que xeramos para a súa posterior reciclaxe. Sen embargo debemos recordaros que o mellor lixo non é o lixo clasificado senón o que non existe; así, un tratamento adecuado dos residuos implica comezar pola redución dos mesmos, seguir pola súa reutilización sempre que sexa posible e, en último termo, a súa reciclaxe. Aténdono a isto, sería máis xeitado usarmos lemas diferentes nos carteis: *Non malgáste-lo papel, Usa o papel polas dúas caras, Pensa que para elaborar 1.000 quilos de papel fan falla 24.000 de árbores, Utiliza papel reciclado, Non consumas refrescos envasados en lata, Consume productos envasados en vidro retornable, Non merques xoguetes con pilas* ou calquera outro que nos fixese reflexionar sobre os nosos hábitos de consumo e a repercusión que estes teñen no medio ambiente.

Unha campaña que ten por obxectivo premiar a quen máis lixo produce non é respectuosa co medio ambiente. Pensade que no reciclado das pilas só se extrae delas unha mínima parte dos seus compoñentes, que, por seren tóxicos, fan que este proceso sexa altamente custoso e perigoso.

Esta campaña está de acordo co plan de recollida selectiva do concello de Caldas de Reis adherido ó plan de SOGAMA, que, como todos sabedes, se basea na incineración dos residuos para obter enerxía eléctrica que será comercializada por FENOSA S.A., que dispón do 49% das accións de SOGAMA. Tendo en conta que a incineradora prevista posúe capacidade para queimar do 70 ó 80% do lixo producido no noso país, é moi lóxico que a redución e reutilización dos residuos non sexan obxecto de campañas.

A recollida selectiva que nos propón SOGAMA inclúe a separación de cinco tipos de residuos: vidro, papel-cartón, pilas, envases e embalaxes e resto. Os catro primeiros tipos supoñen arredor dun 42% do total, polo que no que denominan resto quedaría sen reciclar un 58%, do que aproximadamente un 50% corresponde a materia orgánica. Daquela podemos dicir que estamos a queimar unha riqueza que vén do solo, das terras agrícolas, e que este necesita para mante-la súa fertilidade natural. A materia orgánica é a parte do lixo menos contaminada: son os restos de hortalizas e outros alimentos, os restos de comidas, que conteñen os elementos nutrientes e fertilizantes para unha agricultura sa, de alimentos de calidade, e que podemos devolver á terra en forma de compost.

Para recicla-la materia orgánica, hai que recollela á parte do resto do lixo, e logo transformala por compostaxe, un proceso biolóxico natural que se pode realizar en presenza de osíxeno, por fermentación da morea de residuos, ou na súa ausencia. Neste último caso o proceso leva o nome de dixestión anaerobia. Ademais do compost, obtense biogás, que contén metano, un gas combustible similar ó gas natural. Por calquera dos dous procedementos conséguese compost, un fertilizante orgánico que terá o seu destino na agricultura, na xardinería e na recuperación de solos degradados (incendios, canteiras,...).

POR TODO ISTO DEBEMOS CONCLUÍR AFIRMANDO QUE SOGAMA É UN CONTRASENTIDO POIS QUEIMA TODA A RIQUEZA DO LIXO.

As mesas...

"As meiciñas curan as doenzas do corpo, pero as da alma...!! esas curáanse de seu aínon se curan!! (20/XI/00) "OS VELLOS..."



"Só unha cousa fai imposible un soño: o medo a fracasar." (28/XI/00)

"VIVE E DEIXA VIVIR" (10/01/01)




"O odio acaba cos homes, a guerra..." (13/XII/00)
 "EU E O MUNDO" (13/XII/00)
 "O odio acaba cos homes, a guerra" (28/XI/00)

"O urxente, ás veces ás veces un nos deixa facer o máis importante". LORENA (22/04/05)

"Cando a xente está de acordo comigo, sempre penso que debo de estar equivocado" (28/XI/00)

"Un libro = un amigo" (21/II/00)




"Sou subxectivo porque sou suxeito" (27-11-00) UPAHUNO
 "Cando se crece un obxecto crece un suxeito" (27-11-00) UPAHUNO
 "Prefiro morir que vivir arrastillado" CHE GUEVARA (5-88-90)

"Si Mahoma non caí a montaña, a montaña caí a Mahoma" (18-XII-00)

"FALA GALEGO VIVE"

"Venceremos aínda que a sorte non nos acompañe" NINI (01/XII/2000)




"Gustanne máis os soños do futuro que a historia do pasado." (11/XII/00)

"SEMPRE POSITIVO NUNCA NEGATIVO" (12/01/01)

"Carpe diem" (04/01/01)

SOL →



"Quero deixalle un mundo mellor ós seus fillos" (18/01/01)

EU

"A democracia é a peor forma de goberno exceptuando todas as outras" SARTRE (5/XII/00)

Cando os magafatos perdémos, a esperanza, os violentos atopan unha razón máis para disparar. (27/XI/00)



"Mon Dieu!!
 ¡Dios mío!
 ¡New Deus!
 My God!!" (11/01/01)



OLA !!!

...falan

||| Adeus!!!
Caminante, no hay
carricho, se hace
carricho al andar"

Antonio Machado (XII-00)
"Delia y Begoña vienen de
geniales; las dos de verde"
(21/XI/00)



"Pipi acoda á clase
de Filosofía.
OS milagres existen."
(14/11/00)



"Cando a opresión é un
feito, resistir é un dereito"
"☆ A.H.I."

"A imaxinación é máis importante
co coñecemento"
(22/01/01)

Do español na Galiza
¡ouvidos xurdos!



"Todo pasa
Pero non todo chega"
PAULA (COVA)


||| Buff!!!!

"Enun deixo... é levandol a
Caldad?
(salvado pola castel)



Miguel e falta
Cristina también.
¿Por qué será?

Último día de Clase,
La de filo amenaza al
"Cuarteto"



"QUÉROTE ; TE QUIERO ; I LOVE YOU ; TI AMO ;
JE T'AI ME" (11/XII/00)

EU
"Suso, Louis and company
pintárame a mesa... Xa
vestíno - lo que eles queda"
(21/XII/00)

"TE ASONBRARÁS AL DESCUBRIR
QUE EN EL MUNDO HAY SITIO PARA
TODOS" GANDHI (19/01/01)


"GALIZA
LIBRE"



"Estos desconfórme co mundo"
Fátima (19/1/01)

"Muitas veces os mártires
crean mundos que os heroes
nun tan xiguros son capaces
de construír. É un mártir a obra
de construír a realidade dos mártires"
18/01/01 CASTELAO

"Quen non usa o seu talento
para instruír ou mellorar é
decaído, ou ben é unha mala
persoa ou unha cabeza limitadísima"
GEORG CHRISTOPH LICHTENBERG
(1742-91)



HELP!!!!

A verdade é que non sei cómo empezar este relato. Os bos xornalistas case sempre teñen fontes argumentadas para apoia-los seus artigos, sen embargo eu non teño fontes nin son xornalista, así que me basearei nos meus impulsos e instintos, pero, sobre todo, na miña vivencia persoal.

Antes de mergullarnos no asunto, gustaríame contar de qué se trata esta experiencia para que quen se atreva ou crea necesario ou, simplemente, queira ler este escrito, saiba do que estou a falar. Pois falo, meus queridos amigos, da terrible transcendencia que pode chegar a conleva-lo sufrimento derivado dos malos tratos. No meu caso, non sei se interesa ou non, pero como persoa creo que debo conta-lo que a min me pasou.

Tiven unha infancia bastante triste, sobre todo pola falta de atención, debida tamén ó meu introvertido carácter; fun sempre esa maldita excepción dentro dese pacto comunitario chamado "sociedade" (anque agora, co paso do tempo, creo que que constituín o caso da típica nena marxinada polos demais).

Unha nena que tiña moitas preguntas sen atopar respostas a nada.

A miña infancia transcorreu, dentro do que cabe, normalmente dentro desas "defraudadas" situacións ás que me vin totalmente sometida.

Ó cabo dun tempo, de moi pouco tempo, diría eu, comecei a experimenta-lo que hoxe me trae a esta revista, que non é outra cousa ca manifesta-la parte máis escura do meu pasado.

Dende que acordo ter uso de razón padecín nas miñas propias carnes os efectos dos malos tratos. Paseino mal, si, claro que si; ás veces cheguei a pensar no suicidio pero, amigas e amigos, esa non é a solución.

Dende que me deron a primeira labazada, da cal xa nin me lembro, ata a última malleira, que aínda teño recente na miña memoria, pasaron moitas cousas; ó principio tiña ganas de vinganza, sentía rabia e impotencia, mais agora comprendín que o tempo pon a cada un no seu lugar.

O que acontece nestes casos é que o padecemento físico xa non doe, pero o sufrimento psicolóxico aumenta despois de cada malleira e iso resulta moi difícil de curar.

Se alguén está lendo isto e pasou algo similar, sabe do que ando a falar.

Nunca é prato de bo gusto falar dun asunto así mais, amigo ou amiga, hei de dicir algo importante:

Se ti estás nalgunha destas situacións ou cres que o estás e dubidas; se os que te maltratan che din que non o fan, que é polo teu ben; se consideras que a busca da felicidade é comezar por quererte a ti mesmo, por respectarte; se cres que sufrir xa sofres polos teus enredos ou polos problemas dos demais...

Se cres todo isto, amiga ou amigo, non dubides, lánzate, atrévete e preséntalle-lo primeiro desafío ós teus medos: **SER LIBRE E INTENTAR SER FELIZ.**

Despois de todo isto, unha inmensa parrafada da que nin sequera sei se entenderedes que o meu obxectivo non é outro ca denunciar e mostrar a esta "inxusta" sociedade que a todos nos afecta que alguén nos faga dano e que non só as mulleres son maltratadas, tamén os homes son vítimas deste problema que non só está a acontecer aquí en España senón tamén no resto do MUNDO.

Non quedas aí parada nin parado e CONCIÉNCIATE, axúdate e deixa que te axuden.

ANÓNIMO



Maruxa Mallo

Un día calquera na sala de profes...

ROMÁN:(facéndolle publicidade a Iberia) A ver mocetes... imos aterrizar por aquí un pouquiño...

SUSO: (intenta poñer orde pero non o consegue) Al último que se siente le pregunto.

MACEIRAS:(aproveitando o tempo ó máximo). A ver... por ahí atrás...tú mesmo (sinalando na primeira fila, onde está sentado Cruces).

CRUCES: (cotilleando con Budiño). ¿Líche-los apuntamentos? ¿Líchelos? ¿Líchelos?

BUDIÑO: (coa súa característica tranquilidade) Clarísimamente y según Menéndez Pidal...

(Cruces non ten nin idea do que están preguntando e intenta buscar axuda por onde sexa. Consulta con Alfonso para ver se este lle pode botar unha man.)

CRUCES: ¿Líche-la normativa? ¿Líchela? ¿Líchela? (as palabras saen disparadas da súa gorxa)

MACEIRAS: Los apuntes cerrados.

CRUCES: (intentando saír do trago). Pá.....xina....

MACEIRAS: Eso está muy escueto, muy escueto...

CRUCES: (reprochándolle ós seus compañeiros que non lle dixesen a resposta) ¡¡¡Eu flipo convosco eh!!! ¿Cando esteades en primeiro de filoloxía galego-portuguesa como ides facer?

ALFONSO: Si cuadra, tú eres muy listo.

MIGUÉLEZ: (coa súa particular diplomacia) Por razóns que son sobradamente coñecidas...

PILAR LIÑARES: (meneando a cabeza) ¡¡¡ Alabado sea a Dios!!!

(Nese momento, alguén peta na porta, é Teresa, a “teacher” de inglés)

TERESA: May I come in? (en cristián, ¿Pódese?)

ALBERTO MENDOZA: Pódese... pódese chegar antes.

MANUELA: ¡¡¡Bufff!!! ¿No hace mucho calor últimamente en el instituto? (na outra punta da sala intentando abrir unha ventá)

MIGUÉLEZ: Ventá, xanela ou fiestra...

MANUEL DIÉGUEZ: (que nunca se decata de nada). ¿Quen fala? ¿Quen fala?...

MIGUÉLEZ: (referíndose sabe Deus a quén) É coñecido na súa casa á hora de comer...

CRUCES:(ofendido e co seu ton de pasota). ¡¡¡ Eu a meu pai quérolle moito eh!!!

BUDIÑO: (intentando remata-la esceniña) “Dios que buen vasallo si ouviese buen señor”.

MACEIRAS: ¿Os coincide? ¿Os coincide?...

GUEDE: (gritando coma un cosaco) ¡¡¡¡É cuestión de ourella!!!!

ISABEL: (querendo quedar ben). No estáis haciendo nada, no os veo con ganas de nada...

GUEDE: (coa súa Filomena na man) ¡¡¡A ver pitufa!!! Xenitivo plural de...

HILDA: (sen saber qué contestar) A lo sumo...

ROMÁN: (falándolle á orela para botarlle unha man) Aquí ábrese un abanico de posibilidades...

GUEDE: (cabreado) Iso hai que sabelo de memoria.

CRISTINA: (poñendo as súas follas en orde) Estes últimos cinco minutos déixovolos para dúbidas.

CRUCES: (coma sempre pendente dos demais e dirixíndose a Xan, que está ó seu carón) Oíches meu... ¿estás tomando nota?

XAN: (canso de tanta palabrería) Tú, cálate.

CRUCES: (alporizado) ¡¡¡Iso é un castelanismo!!! ¡¡¡Iso é un castelanismo!!!

ROSALES: Con xente coma ti acábase o galego.

ROMÁN: (tomando cartas no asunto) Aquí hai moita metralla, mocetes.

HILDA: (tentando buscar unha solución). La verdad es que sin calculadora no sé como vais a hacer.

CRUCES: (sen saber xa qué dicir). Sodes alumnos de letras... Iso non pode ser.

HILDA: (sorprendida pola reacción de Cruces). Je, je... en fin.

LOLA: (apoiando a Cruces) Eso es tremendamente importante...

CRUCES: (contento polo seu poder de convicción) Beeen (cun e moi aberto).

PURI: (que ata agora aínda non participara na conversa e mirando cara a Cruces) ¡¡¡A ver esas nasais!!!... ¡¡¡Poñede a lingua coma un ovo de pomba!!! Así... (moi expresiva).

CRUCES: (intentando entende-la explicación con exactitude) ¡¡Quieto, parado!!!

SANMARTIN: (sempre preocupado pola saúde) Eses chicles fuera...

MIGUÉLEZ: (Intentando librarse de todo tipo de culpas) Eu avisei a tempo.

CHEMA: (non sabemos moi ben a quen porque ninguén o estaba atendendo) No sé si me explico... ya sé que es difícil pero...

GUEDE: (buscando algún tipo de resposta) ¿Yes ou si?

MIGUÉLEZ: Si querido alumno...

NINÍ: Desde luego ¡¡ Cómo sois!! ¡¡Es que sois tremendos!! ¡¡Sois bárbaros!!

(Soa o timbre que anuncia o comezo das clases e todos se dispoñen a recolle-los seus tarefas. Todos se despiden cun simple adeus ou ata logo pero hai un que está disposto a poñer un broche final de luxo, agora que está aprendendo idiomas...)

ROMÁN: Ata tomorrow.



[Estes “amañiños” fixémolos un grupo de alumn@s de C.O.U D. Só se admiten eloxios e noraboas, nada de botárno-la bronca cando vós (os profesores) leades isto. Non foi con intención de ofender, ah... e como diría Miguélez, se lese isto “calquera parecido coa realidade é mera coincidencia.”]

Ri un pouco



¿ELIXES OU FANTE ELIXIR?

Gustaríame non ter que escribir este artigo ou, de escribilo, facelo dun modo analéptico, coma se este tema pertencese a un pasado moooi longano, distante e por sempre enterrado na memoria duns poucos pero, como calquera de vós pode observar, non pode ser así.

Desgraciadamente o terrorismo, concretamente o tema de ETA, é recente actualidade no Estado Español ata o punto de parecer un problema "incriblemente" imposible de resolver.

O nacionalismo vasco está chegando máis alá dos límites da definición que Locke e Rosseau deron alá polo século XVII, cando se nos definía a nación como o "*conxunto de individuos que forman un pacto accedendo a vivir baixo a mesma lexislatura.*"

Un dos principios fundamentais das sociedades liberais (caso de España) é a liberdade de prensa e opinión. ¿Liberdade? ¿A isto chámasele liberdade? ¿Chámasele liberdade a recibir un tiro no pescozo por pertencer a un ou a outro partido político? ¿Chámasele liberdade a ter que "camufla-las" túas opinións nun artigo periodístico?

¿Democracia? ¿Dictadura? ¿En que se está convertendo o Estado?

Esta pregunta non a debería contestar eu senón todos eses "figuríns" chamados políticos que se dedican a buscar solucións ó antedito problema.

"DEMOCRACIA: goberno do pobo, polo pobo e para o pobo".

ii ha, ha !! Ríome do modo en cómo esta definición é levada á práctica en España.

Gobernar un país non consiste para nada en pasa-las vacacións en Baqueira Beret gozando das pistas de esquí mentres que centos de familias viven aterrorizadas baixo a continua ameaza dos terroristas.

¿Cantas foron xa as vítimas que sufriron e morreron a causa de E.T.A?

Incontables.

¿Como é o sufrimento de todas esas familias que perderon a pais, fillos e demais?

Irremediable.

¿Como é a solución anti-terrorista?

Posible.

Hai pouquiño tempo, dende o pacto "antiterrorismo" feito polo PP e polo PSOE, pero dende este, xa foron tres as PERSOAS que morreron a causa da barbarie.

¿Debemos seguir permitindo isto?

Somos centos de persoas as que, ante o acontecido, saímos ás rúas, en forma de protestas, dirixíndo as nosas mans pintadas de branco cara ó ceo e voceando continuamente "ETA NON" ou "BASTA XA"; pero... ¿que estamos conseguindo con todo isto? ¿Darlles publicidade?

¿Non sería máis válido un voto de silencio?

Mentres que milleiros de persoas se amoreaban en Barcelona como consecuencia do asasinato do ex-ministro socialista, Arzallus botaba unha das súas sarcásticas gargalladas e pensaba "un paso máis a favor da independencia, un paso máis para o triunfo da demagoxia".

¿Lembrades a Miguel A. Blanco? Seguro que si. O seu caso mobilizou toda España. Nun primeiro momento, o goberno non accedeu á chantaxe pero... ¿e co tempo? ¿Acaso os presos donostiarras non foron rapidamente desprazados a cárceres de Euskadi? ¿Foi esa tardanza a que privou de vida a un mozo de 33 anos?

Abride os ollos, amigos, ¿estamos sendo manipulados?, ¿estámonos convertendo en marionetas ou en bonecos de guiñol? ¿Elixes ou fante elixir?

Fartos estamos todos das "borracheiras patrióticas" de Arzallus e das caras -¿de compaixón?- dos nosos "queridos" amigos políticos, deses que se din chamar REPRESENTANTES DO POBO ESPAÑOL.

Fátima Frieiro Santaya
C.O.U D



¿CULTURA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN?

Gústame le-la prensa, recoñezoo, gústame saber daquelas pequenas cousas nas que ninguén se fixa, naqueles artigos de opinión que ninguén le e que tanto falan da nosa vida, da vida de todos en xeral.

Nembargantes, tampouco me pasa desapercibida a primeira plana do xornal, o titular que en letras grandes nos informa do último e máis importante acontecemento.

Pero... ¿quen ocupa agora estas portadas?

Parece que día a día o periodismo estatal está decaendo a unha velocidade vertixinosa.

Agora xa non preocupan os temas de ecoloxía nin de ciencia, non preocupan os temas de maltratos a mulleres e a nenos, nin a fame do Terceiro Mundo...

E estarás pensando: ¿que é o que preocupa entón?

Pois hoxe en día, os españois dirixímonos ó quiosco da esquina para coñece-los resultados da última xornada de fútbol, se o Celta vai de segundo ou se o Dépor ten posibilidades para a UEFA; e, cómo non, dirixímonos alí para devorar como posesos as chamadas "revistas do corazón".

Os españois coñecen perfectamente a talla de pantalón do conde Lecquio ou do último romance de Mar Flores.

¿Que nos está pasando? ¿Acaso non hai cousas máis interesantes e preocupantes ca esas?

Ademais, non só son os xornais e revistas os que nos abafan con este tipo de información "vasura" senón tamén outros medios de comunicación como a televisión ou a chamada nova e "rápida" comunicación en liña ou Internet.

¿Xa vos esquecestes dese programa que emitían polas tardes no que dúas mulleres, seica xornalistas (non o sei), criticaban o modelo deste artista ou daquel?

O que pasa é que a televisión nos dá o que pedimos. Somos murmuradores por natureza e non podemos resistirnos fronte a programas como *Gran Hermano* ou *El Bus*.

Mentres o 80% das amas de casa (e non quero ser machista, ó contrario) se dedicaba a marca-lo número daquel que peor lle entraba nos miolos, a canle que os emitía forrabase de "pasta".


Como di o meu profesor de Comentario de Texto: "os medios de comunicación aliméntannos do que nos gusta".

¿Queredes seguir vivindo baixo os efectos da murmuración estatal?

¿Queredes darlle o Premio Nobel de Lígues a Nuria Bermúdez ou o Disco de Platino a Tamara?

Pensade nesa idea, hai cousas máis interesantes e divertidas que facer que sentar no sofá e descubrir "novidosamente" quen se deita con quen.

FÁTIMA FRIEIRO SANTAYA C.O.U D



**¿Tolearon cos pensos ou coa música
"celestial" dos nosos compañeiros?**

¿Sección 16 o Stone Machines?



21/XII/00. 12:00 DO MEDIODÍA. AULA DE USOS MÚLTIPLES.

Ola, amig@s, atópome aquí, na aula de Usos Múltiples (e tan múltiples) para presencia-la actuación de dous grupos que en breve, irromperán con forza no mundo da música.

Uf! A ver se consigo meterme na primeira fila, se non... ixa!, iconseguino!

Ben, dende alí, o meu deber era informar de todo o que acontecese e... isilencio total! Empezan a toca-los Sección 16.

Para que entredes un pouco no tema, vouvos contar un pouquiño sobre estes mozos.

Sección 16 é un grupo de 5 mozos de Cuntis, un dos cales estudia aquí connosco, no "Aquis Celenis", exactamente no primeiro de Bacharelato C, estou a falar, si, si, de Cristian...

Pois ben, se hai algo que defina realmente ó cantante do grupo é a panxoliña "... beben y beben y vuelven a beber..." porque, durante a súa actuación non paraba de beber, de beber e de beber auga ¡Menos mal que non era viño que, se non...!

Entre trago e trago puidemos gozar da súa música e das letras das súas cancións, querendo destaca-la que se lles dedicou a todas aquelas mulleres que sofren maltratos, tanto físicos coma psicolóxicos. No nome delas ... Gracias amigo/as.

Cando Sección 16 rematou a súa aplaudida actuación tocoulle a vez ós xa arqui-coñecidos "Chapa e pintura", acazapados agora baixo o nome de Stone Machine.

O dúo formado por Rafa Sierra e Pajares xa é historia e novos compoñentes forman agora parte deste grupo que naceu hai aproximadamente un ano aquí no "Aquis Celenis".

Os nosos compañeiros interpretaron unha serie de temas "rompedores" que conseguiron que os nosos oídos quedasen "DESTROZAOS". A iso chámolle eu ter espírito do Nadal, si señor, rematar o ano cunha dose de "heavy".

Despois de ámbalas actuacións unha pregunta rondaba a nosa mente... ¿Sección 16 ou Stone Machine? Esa xa é unha cuestión que non me compete, a decisión é túa ; ah, e intentade convencer ós profesores para que poidamos volver agozar da súa música.

Dende o equipo de redacción da revista, desexámoslles boa sorte a ámbolos grupos alá onde vaian.

FÁTIMA FRIEIRO SANTAYA C.O.U D

NO VAL DAS TEBRAS

POR AITOR NOVO GARCÍA



Percorreu coa súa infinita ollada o campo de caraveis que se estendía ó longo do xardín. Cada unha das pezas erguía orgullosa a súa testa de cabeleira atesoirada en forma de respecto ó astro rei. As camelias e os narcisos servían de límites laterais, dando lugar a unha relación estraña entre os continxentes desta peculiar batalla. Tratou de recorda-lo significado que tiñan as flores que posuía, pero os seus pensamentos mesturábanse había xa tempo con sabe Deus qué, e agora toda volta a calquera información pasada era tan só un segundo menos.

Coa axuda do seu báculo de marfil voltou ó leito, deixando atrás a luz do día. Sentou, para logo rematar tombándose, permanecendo coa ollada fita no teito. Inspirou fondo, introducindo un aire frío, cun aroma no cal se mesturaban pasado e presente, tal vez tamén futuro. Durmiu...

A muller, os fillos mais algúns parentes, deses que non coñecía, formaban un coro case fúnebre ó redor da cama de don Pedro. As súas olladas perdíanse en ningures, por medo de dar coa do señor. Un ambiente por máis ca incómodo, no cal o silencio, máis ca unha obriga, era unha relixión. Tan só se escoitan de lonxe os berros dos cativos, xogando, brincando, rindo alleos a todo.

A man de don Pedro ergueuse rápida ó corazón. Chea de furia e carraxe, oprímeo, apértao, tratando de espremelo, e así, dalgún xeito, expulsa-lo mal que medra no seu seo. A muller érguese da cadeira, sen saber qué facer, tapando coa man dereita a boca e coa esquerda estirada cara a el; tódolos fillos, menos o rapaz, tamén se levantan, e, logo de ollaren cara á cama, míranse, sen saber realmente por qué. Os demais tamén se miran, pero sen poñerse en pé, para non chama-la atención. A muller chora; os fillos parece que tamén.

Fóra da sala, os serventes escoitan os berros e murmuran. Morreu don pedro, chamade ó doutor. Xa lle tardaba, carafio.

Será un enterro por todo o alto. Non ía ser menos. Que veñan todos. Que o saiba toda a bisbarra, toda a provincia, todo o país. Agora xá non será o mesmo.

Acordou cun trono, ou algo semellante. A choiva deixábase sentir na humidade do aire; un arrecendo perigoso, mais a el gustáballe. Non tardou en decatarse de que fóra da tenda de campaña a xente estaba de socato sumida nun movemento constante. Ó pouco, o cabo abriu a cremalleira. ¡Maldita sexa! Erguédevos dunha vez, soldados. Así non se gaña a guerra.

O sarxento foi percorrendo os seus ollos trala cortina de auga. Polo que puido saber, os alemáns avanzaran dous quilómetros o día anterior e agora a penas tiñan homes para retelos. Ó pouco, o que era unha media lúa ó redor do sarxento estendeuse para partir ó campo de batalla. Unha vez máis, todos se encamiñaban para o que moitos consideraban a súa tumba, un cadaleito que levaban ás costas non poucos días por defender algo no cal case ningún cría.

Nas trincheiras, sempre improvisadas, non había silencio. Este era eficazmente cortado, perforado polo son dos tronos, pero, sobre todo, pola outra choiva, moito máis eficaz: a choiva de lume. Alí, onde só era un máis, erguía o seu fusil e premía o gatillo, como cando era cativo, só que agora non facía falla facer ruído coa boca para ameniza-la batalla. Pero non era tempo de pensar, senón de actuar, de loitar, de suf...

Sentiu como un pinchazo, que, pouco a pouco, foi espallándose por todo o corpo, ó tempo que se facía un oco cada vez máis profundo no seu corazón, ou no seu fígado, ou no seu ventre. Tanto tiña.

Botou a man á ferida. Comprobouno. Estaba a sangrar a chorros. Deixouse caer, e, xa tombado, turrrou polo seu compañeiro. Tomou aire, na medida en que lle foi posible, e abriu a boca para tratar de balbuci-las súas últimas palabras, verbas incomprensibles de son entrecortado.

Calou. Detrás do seu corpo sen vida estaba o sarxento co fusil apuntándolle. Volveu disparar. Achegouse, moveuno un pouco, e logo, nun ton tan frío que xearía o sangue do mesmo Lucifer, díxolle ó compañeiro que era o mellor. Así non sofres máis, patriota. Ergueuse e volveu á rutina da guerra.

O seu compañeiro colleu o corpo. Pronto será repatriado. Morreu coma un home. Pero todo seguirá igual.

Entreabriu o ollo dereito, mentres o esquerdo caía derrotado pola preguiza. A luz multicolor de neon atravesáballe a retina, para logo mesturarse co alcohol e dar imaxes incomprensibles. Chovía; unha pena, pois gustáballe contempla-lo ceo, coas estrelas e, de cando en vez, co que el consideraba o ollo de vino.

Sentía cómo o orballo miúdo lle xeaba a sangue das veas. Pero el estaba preparado para a batalla cunha botella de augardente que cambiara por un par de guantes esa mañá. Era forte de máis, pero había tempo que perdera a sensibilidade na lingua e na gorxa. Probablemente por falta de costume.

Apurou as derradeiras gotas, para logo guinda-lo vidro contra a parede dun dos edificios que constituía a calella. Isto fixolle recorda-la liorta que mantivera cun individuo hacía uns meses, e Deus a causa de qué, a conto da cal acabaron a botellazo limpo; e riu recordando cómo o camareiro tras del, berrando coma un louco, para evitar que o custoso licor rematase de innovador crecepele mellor dos casos.

Pechou sen presa o seu ollo, e botouse cara atrás. Pensou en durmir, mentres oía ó lonxe a parella discutindo. Instintivamente abriu un pouco o ollo. Non amigo, ti estás só. Volveu pechalo, e curou recolle-lo aroma a augardente que aínda o rodeaba.

Se cadra non fora boa idea, despois de todo. Se cadra eles tiñan razón. Se cadra. Pero non pensado deixalo. Xa o intentara, por mor de non facer sufrir ós fillos. Pero era inútil. O caso é que a verdade que buscaba atopouna, aínda que ó final se volvese contra el. Gustaríalle saber qué era de

Pouco a pouco, a calor interna foise esgotando, ó tempo que un frío penetrante comexal herírselles ós nervios. Foi coma un formigueo, unha garatuxa do destino que pedía paso, para continuar lo que algún día comezou. Deixouse levar. Era o mellor.

Mañá, se cadra, os varredores atoparán o corpo. Eles saberán qué facer con el. Xa han de estar acostumbrados.

Xa vira suficiente. Deu volta e tratou de abriarse camiño entre o xentío de curiosos, situados en fronte da estrutura mortal de madeira. Tomou camiño ó sur. A un ritmo rápido, pero non asfixiante, foi descendendo entre as rúas, coa cabeza baixa, quizá para que non lle puidesen ve-los ollos, que rebordaban unha mestura de dor, de rabia, de medo, de orgullo ferido e, sobre todo, de inseguridade e decisión amalgamadas á forza.

Ó cruza-la histórica muralla, dirixiu o seu andar, case pasivo, cara ó alto duns penedos. Xa arriba, achegouse ó precipicio. Non, así non. Mirou ó seu arredor e topou cunha figueira, que nacía da fendura dunha das grandes rochas que coroaban esa zona.

Estirou a man e turróu cara a si dunha das ramificacións da árbore. Con ela na man, e por primeira vez, dubidou. Foron uns instantes de silencio, interior e exterior.

Turróu de novo da póla e rodeou o seu pescozo con ela. Apertou ben, se cadra demasiado, pero, ¿non se trataba diso? Saltou da pedra, á nada, ó todo. Ó principio deixouse levar pola inercia. Pero logo balanceouse, pateou, buscando un punto de apoio. Botou as mans á gorxa, aferrándose á rama da figueira, pedíndole que o soltase. Quixo berrar, pero non foi quen.

Paseniñamente, puido sentir cómo a alma lle roubaba as últimas pingas de vida dos pulmóns. As forzas fórono abandonando, pouco, moi pouco a pouco. Pechou os ollos e relaxou os músculos. Deixouse levar...

O corpo sen vida do traidor balanceouse en sintonía obrigada co vento, ata que a póla acabou cecendo, permitindo a súa caída ata o fondo do abismo, onde descansaría ata que alguén o atopara.

A súa morte a penas sería lembrada. Non, mellor dito, todos a lembrarían, pero cun desprezo e desvalorización semellantes ó esquecemento. Tal vez tiña que ser así.



A supremacía do poder

"A muller é un vulgar animal do que o home se formou un ideal demasiado fermoso".

"Estimo que o éxito coas mulleres é, de ordinario, un sinal de mediocridade".

GUSTAVE FLAUBERT

"A muller é un animal con cabelos longos e ideas curtas".

SCHOPENHAUER

A muller foi considerada dende as orixes da nosa existencia como un ser inferior. Debérase reconsiderar tan atrevida afirmación.

Homes, na súa inmensa maioría, achegaron á humanidade a supremacía da súa especie. Un modo de pensar radical e retrógrado limitaría enormemente a plenitude da erudición humana e teríase conseguido un importante retroceso cara á primitiva periodicidade da historia. Tal postura ideolóxica podería ser acusada de etnocentrismo, xa que se proclama a potestade da preeminencia do home sobre a muller, véndose a integridade física e moral desta fortemente postergada.


Xentes hai que avogan pola convicción da innata degradación feminina debido ás intimidades sociais exhibidas nas fatídicas relacións interpersoais. ¡Paupérrimas almas serán as que se tisnen na barbarie acometida! ¡Os seus rostros velaranse de loito e o semblante adusto dará fe da súa pobreza de espírito e o pobo, que poucas veces comprende, pero xulga sempre, recoñecerá a súa impureza e nos seus antefaces levarán escrito o nome "A CRUCIFICADA"!

Diversas agrupacións de correligionarias, en pro e defensa da equivalencia dos valores, da paridade entre a calidade, categoría e clase social, da ecuanimidade do temple ou na da disposición de ánimo e da equidade ou xustiza equitativa, axudadas de sindicatos e demais organizacións, esixen o recoñecemento ó seu favor dos "Dereitos" que endexamais lles pertenceron.

O principio da existencia conleva a discrepancia masiva entre homes e mulleres. ¡Os Dereitos son puros, entre os que xacen; vivos, entre os que perecen; inífgos, entre os soamente incandescentes!, pero... ¿acaso existe a igualdade?

ANTONIO BLANCO
1º BACHARELATO

A depravación humana



“Unha vida ociosa é unha morte anticipada”.
GOETHE

“O repouso non é o destino do home e a seguridade é só unha ilusión”.
PASCAL

“Non hai cousa, por doada que sexa, que non a faga difícil a mala gana”.
VIVES

A vaguidade debera admitirse coma un sentimento de culpa debido á permisiva tolerancia da súa intromisión. Tan maligna influencia valerase da conxuntura de calquera estado anímico que non permanece na súa máis elevada intensidade para apoderarse do noso endeble espírito e influencia-la nosa persoa das máis extensas perturbacións en contra da harmonía do correcto proceder, corroendo a tenacidade da mesma e toda esperanza de superación, sumindo ó individuo na degradación suprema ata convertilo nun deplorable ser, carente de todo concepto da virtude.

Semellante antítese dos valores cohibe profesa-la incesante búsqueda da verdade, así coma outras ciencias, disciplinas ou materias. Non quererá manifestar isto o desterro dos anteriores criterios ou da mesma ideoloxía, senón a infactibilidade de exercitala debidamente, limitando así a posibilidade de aproximarse á plena erudición humana; perigará, así mesmo, a dignidade e a integridade física e moral de quen padeza a súa “crucifixación”. Coma toda incorrección, impide o íntegro desenvolvemento conformándose a incompletude da presenza humana, a cal causará unha sociedade imperfecta. A vontade de dominio, xunto do esforzo, a dedicación e a meditación erradicarán tan inmenso mal que se incrementa de modo desmesurado e progresivo. A incorrecta elección causará un desastre sumamente relevante, pois a súa magnitude comprendería a aceptación da “falsa verdade”, a non completa distinción entre o Ben e o Mal e a condenación do período de existencia.

Nai da ignorancia, mantén lealdade á traizón, pois poderase denominar esta como o destino ó que deparará tan mortífera conducta, xa que nos conducirá cara ó degradante e cautivo vieiro da perdición. ¡Paupérrimas almas xacerán depravadas pola quebrantación da moralidade, acaecida pola continua indiferencia coa que se recibe ó nefasto inquilino, máximo prosélito da fatalidade, o cal se expandirá entre as multitudes ata satura-lo seu afán de corrompe-la humanidade e abocala ó máis profundo dos abisais! ¡Eloxio á pasividade; desafío á innata disposición; ominosa facultade de apresar a indistintas xentes!

Endexamais se poderá comprender a tolerante destrución do ser.

ANTONIO BLANCO

1º BACHARELATO

Enquisa

A nosa revista está para manifesta-la voz dos alumnos. Por eso quixemos antes de nada levar a cabo esta enquisa entre os alumnos, para que os profesores e a directiva saiba qué pedimos, de qué nos queixamos e qué opinamos.

¿Como a fixemos?

- ⌚ Escollemos cinco alumn@s ó azar de cada clase, desde 1º de ESO ata COU.
- ⌚ Pasámoslle-lo seguinte Boletín-enquisa :

DATOS.

Esta enquisa é totalmente anónima, polo tanto non tés que firmala. O que sí che pedimos é que nos remitas a túa idade e os anos que levas no instituto, para facernos unha idea.

Idade: Anos que levas no instituto:

1ª PARTE: Cuestionario (Pon un X sobre a rala da resposta que elixas).

¿Estás contento coa actual xornada intensiva ou estarías mellor coa xornada partida que tiñamos hai algún tempo?

Gústame este horario. Preferiría xornada partida. É indiferente para min.

¿Cres que fixeron ben quitando os dous timbres entre clase e clase que regulaban o tempo de descanso?

Si, moito mellor Non, agora róubanos máis tempo de descanso. É igual.

A Lei de Dereitos e Deberes do Alumnado...

Líchela Sabes que existe pero nunca a liches. Non sabías da súa existencia.

¿Que opinas sobre o recente cambio na Dirección? (Recorda que é anónimo).

Gañamos moito co cambio. Saímos perdendo. Non estou ó tanto deste cambio.

Non que a nós nos afecta, dános a túa opinión sobre a nosa revista.

Gústame, dános a oportunidade de expresarnos e á vez entretén.
 Non me gusta, eu melloraríao. Non a coñezo.

¿Paréceche razoable que as fotocopias custen 7 ptas. en conserxería?

Deberían ser gratis. É razoable, o centro ten gastos.
 A 5 ptas. coma nalgunhas librerías, estaría ben.

¿Debería haber unha máquina de tabaco no centro (cafetería por exemplo)?

Si, sería cómodo. Moitos entre nós fuman. Non: todos contra o tabaco É igual.

¿Crees que son suficientes as papeleiras que temos?

Si, o que hai é que usalas. Non, hai poucas e mal coidadas.

¿Que che parece que, agora que hai máis rapaces (os da ESO), non ampliasen o centro?

Hai que ampliálo, esto é superpoboación.
 A ESO debería impartir noutro centro.
 Estamos ben así, cantos máis mellor, cabemos ben.

Pon nota ás seguintes instalacións do instituto (de 1 a 10).

Ximnasio Baños Aulas Cafetería Biblioteca Laboratorios
 Campos Aparcadoiros Material audiovisual

2ª PARTE: suxestións.

Pola parte de atrás da folia, indícanos por favor todo tipo de queixas, suxestións, peticións, etc. que queiras dirixir tanto ó profesorado, á directiva ou ós alumnos, e por medio da revista faremoslle saber.

Así mesmo, podes incluír tamén ideas dos teus compañeiros, xa que esta enquisa foi entregada a cinco persoas de cada clase como representación de todo o alumnado. Agora é o momento de vos expresar, aproveitado a ocasión.

Moitas gracias pola vosa colaboración

- ⌚ Dos boletíns, obtivémo-la seguinte información.

En xeral, os alumnos están contentos coa xornada intensiva actualmente implantada xa que así o di o 62,9% deles, e manténdose en contra só está o 14,3% deles.

1. Sobre os timbres que regulaban o tempo de descanso entre clases, case tódolos alumnos, o 85,7%, piden que volvan funcionar porque, desta nova maneira, con algúns profesores case non se poden levantar a estira-las pernas.
2. Ademais, se queren ir a outra clase ou ó baño, non saben se o profesor entra na clase e se van entrar ou non. Hai que dicir que a esta posición popular só se opón o 2,9% dos alumnos.
3. Un 61,8% dos alumnos coñece a lei de dereitos e deberes dos alumnos pero xamais a viron diante. Lérona (e incluso algúns afirman que a copiaron) o 20,6%; e un 17,6% non saben sequer da súa existencia.
4. A pesar de que moitos dos enquisados son novos e non coñecían a directiva anterior do centro, debemos mandar ós novos representantes unha mensaxe dos alumnos de confianza e apoio.
5. A parte sobre a nosa revista era un dato orientativo para nós e queremosvos desde aquí agradecer a todos a vosa confianza.
6. Atopamos unha gran diversidade de opinións no que afecta ó prezo das fotocopias. O certo é que pouca xente (un 14,3% dos estudantes) está de acordo co prezo anterior. Un 62,8% opina que deben ser a pe-so, que é un prezo bastante razoable que se mantén nalgunhas librerías, e é o prezo máis normal para un centro educativo que fomenta o estudo. Supoñemos que xa tiveron algunha noticia nosa, porque xa se levou a cabo esta redución. Aínda así, o 22,9% opina que non nolas deberían cobrar.
7. A máquina de tabaco para o instituto é unha petición moi apoiada polo alumnado (o 72,3% da xente pídeaa) e á que so uns poucos (7,5%) se opón; mentres que unha indiferencia por parte dos demais consultados axuda a esta petición.
8. Sobre a limpeza do centro hai que dicir que os rapaces foron bastante sinceros recoñecendo que as papeleiras das que dispoñemos son bastantes, pero que facemos pouco uso delas. (Así o din o 64,7%).
9. No tocante á chegada de xente nova ó centro, hai un desacordo que mantén o 59% dos alumnos, ó que un 23% apoia dicindo que polo menos habería que amplia-lo centro.
10. As notas que recibiron as instalacións son:

Ximnasio: 3,92 Baños: 4,66 Aulas: 5,58 Cafetería: 6,84 Biblioteca: 5,09
Campos de deportes: 4,30 Aparcamientos: 4,62 Material audiovisual: 4,88

Media total: 5,052

E entre as mellores suxestións recibidas, comprobamos que os alumnos pedimos a berros:

- Máis cadeiras e mesas para a cafetería, sobre todo cadeiras.
- Papel hixénico para os baños.
- Que nos baños non se fume, e isto pedímolo ó centro e ós propios alumnos.
- Unha sala de informática á nosa disposición e clases de informática como actividade.
- Mellora do material deportivo.
- Máis bancos dentro e ó redor do instituto.
- Que os xogos de cartas se permitan no centro.
- Que non nos encerren como a presidiarios ou meniños pequenos cando haxa conferencias ou outro tipo de actividade.
- Conferencias e charlas SOBRE TEMAS DO NOSO INTERESE.
- Algún tipo de medida que evite que o paraugueiro da entrada sexa coma o mercado e cada un leve o paraugas que queira.

Moitas gracias a tódolos alumnos que colaboraron con nós.

RUBÉN DARÍO LEMETRE COU A



O GALEGO ESTÁ ENFERMO

Así é o galego: está enfermo. Para comezar a trata-la súa enfermidade, debemos empezar por sabe-lo é o galego (máis dun ó mellor necesita refrescar datos). A Real Academia Galega defíneo como “lingua románica que se fala en Galicia e nas zonas máis occidentais de Asturias, León e Zamora”. ¿Que pasa? ¿Chócache que o galego se fale en Galicia? Poida ser que che pareza raro pois, a dicir verdade, a teoría non se corresponde coa práctica. ¿Cantos son os galegos que o fan? Mellor, non botar contas porque podemos rir ás gargalladas. E xa non falemos de cales son os motivos polos que a xente non quere emprega-lo galego...


Os máis novos séntese mellor á hora de ligar dicindo “Oye, chica/o, qué buena/o estás”. ¡Vaia!, se din “Oes, rapaz/a, qué bo/a estás”, alá lle vai o ligue.

Tamén hai un gran número de persoas que adoitan fala-lo noso idioma pero no momento de dirixirse a un médico, por exemplo, cambian repentinamente e “Hola, buenos días. Me duele la cabeza”. ¿Por que?

E tende tino coa gheada e co seseo. Nin se che ocorra dicirlle á túa nova compañeira de clase que tes un gható, porque daquela... chisme de aquí, chisme de alí. Xa nos entendemos, ¿non?

A ver, amigo/as, ¿pero en que século estamos? Agora que tanto se fala da liberdade e dos dereitos de cada un, ¿por que non loitamos un pouquiño polo noso, polo que nos pertence, e deixamos dunha vez por todas a vergoña detrás da porta? O/as máis novo/as ligaredes igual se falades galego e o/as demais tamén ides ser consultado/as polo doutor se vos dirixides a el na nosa fala. E falando de doutores, ó galego faille fala un bo equipo médico pois está enfermo; está na UCI cheo de aparellos para que poida sobrevivir pero, se ti te unes a nós, poderemos conseguir que recupere a súa vida sen necesidade dos avances médicos. VEÑA, VAMOS CURALO. SEN A TÚA AXUDA O GALEGO NON VIVIRÁ.

Conto convosco. Non me falledes.



MARÍA LUZ SÁNCHEZ SILVA
C.O.U D

Castelao: Sempre en Galiza

O 8 de novembro do ano pasado (2000) tivemos aquí connosco a Bieito Alonso, profesor de Historia no instituto de Tui e autor ó mesmo tempo de obras como *Obreirismo* ou *O exilio de Castelao*.

A súa presenza no noso instituto tivo un motivo fundamental: falarnos acerca dunha das figuras máis representativas dentro do pensamento ideolóxico galeguista, un home que marcou un antes e un despois na Historia do noso país, un home chamado **Afonso Daniel R. Castelao**.

“El capo GALLEGO Oubiña”: así resultou se-lo comezo empregado polo noso conferenciante para abri-lo coloquio. ¿A súa intención? Darnos a entende-la situación de desprezo que sofren os galegos con respecto ó resto dos españois.

Se aínda non te decataches, ponte a pensar un anaco... ¿Cal é a personaxe que representa “al paleta de pueblo” nun chiste? O galego, por suposto. ¿E o que sempre sae de “inculto e analfabeto” nunha desas célebres películas coñecidas como “españoladas”? O galego, cómo non. Podería seguir poñendo máis exemplos pero non me chegaría o tempo, nin o espacio destinado para este artigo sería o suficiente.

E estarás pensando... ¿Que ten que ver todo isto coa figura de **Castelao**? Pois ben, o obxectivo primordial de Castelao durante a meirande parte da súa vida foi facer desaparecer todos estes “abusos” e deixar ben claro que o galego é, o mesmo ca un catalán, un vasco ou un andaluz, un ser humano, un ser humano con dereito á vida e á liberdade.

¿Acaso hai alguén con dereito a prohibirlle a unha persoa a súa liberdade? Por moito que busquemos, esta pregunta non ten unha resposta con nome e apelidos.

O noso artista rianxeiro pretendeu deixar ben claro un dos dereitos que, dende o principio da Historia da Humanidade, lle corresponde ó home polo simple feito de selo: o dereito á LIBERDADE.

Foron moitos os que interpretaron a ideoloxía nacionalista (galeguista) de Castelao como un ataque directo contra o goberno do Estado e, aínda hoxe, 50 anos despois da súa morte, ningún libro reflicte o seu nome senón que parece ser que o nome de **Castelao** está perdido neses documentos empoados do rexistro, eses documentos que moitos políticos prefiren esquecer.

Tódolos rexeitamentos que a figura de **Castelao** sufriu durante a súa traxectoria política impediron que fose publicada, no seu momento, a obra que define mellor ca nada o seu pensamento, *Sempre en Galicia*, que hoxe en día é considerada algo así como a “Biblia” do galeguismo.

Se algún día decides ir a unha biblioteca e apuntar este libro, descubrirás que o obxectivo fundamental que perseguía **Castelao** coa súa publicación era DEFENDE-LO NOSO, O PROPIO.

Ten en conta que, se nós mesmos non nos entendemos, ¿quen o vai facer?

O obxectivo de Bieito Alonso con esta conferencia é o mesmo que Castelao veu perseguindo ó longo da súa vida.

Como galegos, debemos estar orgullosos de selo. Non todos temos que ser iguais, temos dereito a ser diferentes. Ser diferentes non significa ser mellores ou peores senón sinxelamente iso, diferentes.


Se atendemos a todos estes puntos, poderemos conseguir que Galicia, a nosa patria, camiñe cara ó futuro e cara ó progreso, para non quedar estancada por sempre na ignorancia e na indiferencia.

Deixemos que o pensamento de **Castelao** nos ensine e que, aínda que está morto fisicamente, o seu recordo perviva e actúe en todos nós.

MARÍA LUZ SÁNCHEZ SILVA
FÁTIMA FRIEIRO SANTAYA

C.O.U D

POMPAS FÚNEBRES



C.O.U.
R.I.P.

Consolado polos auxilios espirituais dos seus últimos alumnos/as, morre este ano o curso dos cursos. A súa muller, Dona Eterna Selectividade, (que non a palmará nunca, ai!), e os seus fillos tamén desaparecidos, 2º e 3º de BUP, rogan unha oración polo seu eterno descanso.



A VACA MARELA.
R.I.P.

Onte faleceu o derradeiro exemplar de vaca no psiquiátrico de Conxo. Labregos e gandeiros pregan unha oración pola desaparición de pensos cárnicos e de políticos ineptos. Será enterrada en Mesía a carón das súas cen irmás, sendo o enterrador o ilustre D. Castor Gago, e acudirán ao enterro o presidente da Xunta D. Manuel e a Ministra Villalobos, acompañados dun séquito de ovellas tolas. Ao rematar haberá un caldiño de Avecren, receita especial da ministra, e queimada ao xeito caciquil tradicional.



OS NOSOS RÍOS.
R.I.P.

O día 15 deste mes celebrárase o funeral pola morte dos nosos ríos, regos e regatos, desaparecidos baixo os encoros e as centrais térmicas, na localidade de Caldas de Reis, á beira do Umia agonizante. O señor Cuiña e o presidente de Fenosa desculpan a súa ausencia, mais amosan a súa solidariedade co envío de 100 toneladas de esparadrapo para o concello.



A PESETA.
R.I.P.

Non era moi vella, mais morre ao mesmo tempo que o seu home, o peso, e os seus irmáns, franco, lira e marco. O seu fillo EURO prega pola apertura dunha conta bancaria para a súa alma, a poder ser en dólares.



O PLANETA TERRA.
R.I.P.

Sen consolo espiritual de ninguén, morreu o noso planeta aos 4500 millóns de anos. Embalsamado con sprays de CFC, amortallado en plásticos, será queimado na xigantesca incineradora de Sogamarte (Sogama en Marte), se as manifestacións de marcianos en contra da incineración o permiten.



Sidney 2000

A última cita olímpica de século non será recordada por un deportista senón polo festival vivido na natación. A piscina do *Acuatic Center* foi testemuña de catorce récords do mundo. As súas instalacións enchéronse de público para ver ó seu ídolo local, Ian Thorpe, erixirse como rei dos Xogos, pero saíronlle dous holandeses que lle augaron a festa: a serea Inge de Bruijn e Peter VDH.

Mentres, na ximnasia vivíase a victoria chinesa, o escándalo da romanesa Raducar e o éxito de Nemo, quen logrou colgar seis metais no colo.

E por fin, o atletismo: ¡non houbo ningún récord mundial!, pero tanto tivo ó ve-las cinco medallas de Marian Jones, o apasionante final dos 10.000 m, un home branco gaña-los 200 m ou os dous homes máis rápidos do mundo en acción: Maurice Greene e Michael Johnson (estadounidenses, madia leva).

No resto dos deportes, só uns detalles. O "Dream Team" foi unha apisoadora, Ian Ullrich gañou dúas medallas en ciclismo e en tenis os vencedores individuais resultaron Kafelnikov e Williams.

Como en tódolos Xogos Olímpicos, houbo fracasos. Entre eles está o de Popov, o nadador ruso tivo que ceder ante Thorpe e VDH. Ekhorkina, a última diva ximnástica en arte que non en músculo, non respondeu ás expectativas.

En canto ós nosos, esperemos que dentro de catro anos en Atenas nos vaia mellor. Yago Lamela non pasou da primeira eliminatoria en salto de lonxitude, nin Olano nin Freire conseguiron os seus obxectivos medallísticos. O avó Antón case non puido remata-lo maratón. Nos deportes colectivos non foi moito mellor: en fútbol o árbitro deulle o ouro a Camerún e nós a conformármolos coa prata. En wáter-polo, baloncesto, balonmán e voleibol non démo-la talla do que nos corresponde. Menos mal que os Deferr, Llaneras, Lozano... nos fixeron vibrar coas súas medallas.

CARLOS SEÑORÁNS TOBÍO
C.O.U D



Cruces "al desnudo"

Todos sabedes quen é Ramón Cruces pero a todos nos pica a curiosidade por saber un pouco máis sobre esta clara representación do ensino galego.

A quen máis e quen menos deulle clase este profe e todos coñecemos un trazo moi característico deste home: a súa hiperactividade así como o seu carácter esperto, vivo pero, sobre todo, activo. Como membro deste periódico atrevínme a saber un pouco máis sobre a súa vida a través dalgunhas preguntas.

Naceu en Santiago en 1965. Estudiu en Peleteiro ata que foi á Universidade. Fixo un pouco de todo: ser catequista, tocar nun grupo punk, xogar ó balonmán, ir a campamentos do Opus, entrevistar en teles municipais, dar cursiños a funcionarios e profesores de galago, realizar un programa nunha radio municipal, casar coa moza de sempre logo de sete anos de noivado...

Imos comezar, se che parece ben, con preguntas relacionadas co teu traballo e co teu labor profesional, pero non te librarás dalgunhas de carácter persoal.

Imaxino que a ti, coma a moitos, che falaron sempre castelán, ¿que foi o que che impulsou a estudar lingua e literatura galegas?

-En cuarto de carreira debía pensar en especializarme nunha lingua, así que unha compañeira me comentou: "¿Ti non es galego?" Pois logo... Tiven que empezar a falalo se o quería estudar e resulta que me atopei moi a gusto con el.

¿O galego para ti é algo máis ca unha lingua?

-É un xeito de saber que pertenzo a un colectivo, que teño un sitio no mundo.

¿Relaciónaste sempre en galego?

-Sempre, a non ser que non me entendan; entón xa empregarei o que poida, ata os xestos.

Dende que rematáche-la carreira, ¿sempre exerciches neste centro? E, a propósito, ¿deches clases particulares algunha vez?

-Dei clase tres meses en Vigo, e logo un ano enteiro na Coruña. Foi o meu ano de novato. E si, dei clases particulares, ata de matemáticas en nivel de primaria ou secundaria obrigatoria.

Despois destas pequenas preguntas de tipo profesional, pasaremos, co teu permiso, ás de índole persoal, que creo que suscitarán maior interese entre os nosos lectores. Hai algo que nos gustaría saber, ¿en que lingua falas co teu pai: en galego ou castelán?

-Con el, sempre en galego, e con miña nai tamén, que, aínda que é de León, ben me entende.

Pola túa condición de galego, ¿como te definirías: galeguista, progresista ou nacionalista?

-Nacionalista, sen dúbida.



¿Que opinas sobre a conquista que fas entre algunhas rapazas deste centro que aínda están aquí e outras que xa pasaron? ¿Pensas que pode ser pola túa personalidade tan característica e á vez aberta e restrinxida? ¿Ou simplemente pensas que é a típica situación entre adolescentes?

-Si, penso que é a típica situación entre as adolescentes que quedan abraia-
das polo profesor. Cando eu era estudante tamén estaba namorado dunha profesora de Historia, en realide todos estabamos toliños por ela.

¿Que pensas sobre a nova directiva do centro?

-Son moi competentes, intúen o que será a implantación do novo sistema e estanse preparando para afronta-los cambios. Ademais nos tratan con moita atención, escoitándonos todo canto lles dicimos ou suxerimos e actuando sempre con profesionalidade.

Cóntanos algunha anécdota que che acontecera durante a túa época de estudante que sempre recordes.

-Un profesor de Ciencias, teño boas lembranzas del, inclinaba a cadeira que estaba na tarima da clase contra a parede. Un día que estaba movida a tarima, as patas de atrás da cadeira caéronlle polo espacio que quedaba entre a tarima e a parede. Levou unha boa pancada pero todos aguantámo-la risa; o mellor foi cando o profesor nos dixo que non entendía cómo non escacharamos de risa sendo como foi a caída. Entón todos empezamos a rir ás gargalladas. Era un profe moi humano connosco.

Preguntas de resposta rápida: ¿Unha color? O azul. ¿Unha comida? Os spaghetti. ¿Un olor? Perfume. ¿Un libro? *El Quijote*. ¿Unha canción? *Highway Star*, de *Deep Purple*. ¿Unha viaxe que che gustaría relizar? Italia. ¿Unha viaxe que nunca esquecerás? Picos de Europa. ¿O teu primeiro bico foi? Alicia, ós 18. ¿Un amor? Amigas e amigos, incluída a muller, Eva. ¿Algo polo que loitas tódolos días? Facer ben o meu traballo. ¿Un desexo sen cumprir? Que cure a diabete que levo padecendo xa trece anos. A vida...¿que che regala tódolos días? Iso, seguir vivo.

¿Que consello lle darías a calquera persoa?

-Que vaia coa verdade por diante, sen complexos.

¿Que consello consello lle darías a calquera estudante coma nós?


-Que esforzarse para prepararse en calquera especialidade dá os seus froitos tarde ou cedo.

Para remata-las preguntas...¿sentícheste cómodo nesta entrevista, gustouche?

-Comodísimo. Paseino moi ben.

Xa vedes que na vida deste profe nada ten desperdicio. Para min foi un pracer ser partícipe desta conversa. Espero que vos guste tanto como a min... Por certo, que... anque na clase sexa esixente de máis, fóra dela é unha gran persoa.

LORENA COCHÓN CASTRO COU D




Enerucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
A					■						
B		■								■	
C			■						■		
D				■				■			
E					■		■				■
F						■					
G	■				■		■				
H				■				■			
I			■						■		
L		■								■	
M							■				

HORIZONTAIS: A- Cinta, tira. Do revés, estonaba, planaba. B- Preposición. Lugar cheo de lodo. ¿Onde? C- Nin eu nin ela. Nome dunha profesora de Ciencias e Teconoloxía. Do revés, segunda nota na escala musical. D- O contrario da volta. Interpreto un escrito. Festival musical iberoamericano. E- Lenda. Símbolo do osíxeno. Nome dun profesor de Ciencias. F- Arteria principal. Orar. G- Irmá dos pais. Símbolo do tritio. Moza que rexeita a Don Saturio en *Os vellos non deben de namorarse*. H- Prenda que se coloca sobre os ombros. O mesmo ca "color". Contracción de preposición maillo artigo feminino plural. I- Existes. Nome dunha das redactoras desta revista pero sen luz. Símbolo do galio. L- Mil romanos. O Xefe de Estudos. Cincocentos romanos. M- Facer que se soseguen os ánimos. Porción determinada.

VERTICAIS: 1- Nome árabe dunha das redactoras desta revista. Nome do profesor de Debuxo. 2- Símbolo do iodo. En plural, persoa con gran retraso mental, imbécil. Símbolo do carbono. 3- Símbolo do talio. Soporte para ler partituras ou libros. Batracio. 4- Do revés, peza dental. Do revés, amarro. Brando. 5- Contracción de preposición e pronome tónico. Artigo feminino. Morada, vivenda. 6- Relativo ó aire. Cortar en toros. 7- O mesmo ca "becho". Consoante vibrante. Órgano que produce o mexo. 8- Labre a terra. Xabón líquido. Do revés, entregue, regale. 9- Segunda forma do artigo. Do revés, da comarca do Deza. Sen compañía. 10- Conxunción copulativa. Do revés, que se comporta con galantería. Símbolo do xofre. 11- Nome da profesora de Cultura Francesa. Pasade a rapadoira.

Sopas de letras



Busca SETE peixes

C	U	T	A	E	O	A	Ñ	I	D	R	A	S	I
A	A	M	U	S	A	L	M	O	N	X	Q	A	P
V	U	E	I	I	O	G	I	H	A	V	P	R	U
M	Q	R	O	D	A	B	A	L	L	O	F	I	C
E	A	E	Ñ	O	B	E	O	Ñ	E	F	O	U	C
G	L	P	I	C	E	S	X	P	H	L	X	O	A
F	G	E	S	O	T	U	F	D	L	S	P	D	O
S	H	N	A	E	R	I	D	O	A	H	E	A	Z
L	Z	D	F	E	I	X	M	D	Z	V	C	U	O
H	T	I	L	Z	V	O	Z	Ñ	P	I	E	G	D
A	R	O	A	Ñ	L	D	B	A	I	S	Ñ	N	A
I	R	D	L	C	U	X	N	S	N	U	C	I	N
A	E	B	O	E	T	I	M	L	E	I	E	L	L
R	T	S	C	S	Z	X	A	L	T	S	A	S	M

Busca SETE mamíferos

O	B	A	G	U	L	M	X	A	Z	U	I	E	R
F	T	I	O	V	F	O	R	I	B	O	R	C	A
U	L	Z	D	A	E	X	Ñ	E	C	Z	O	U	P
L	A	T	B	C	A	I	T	U	L	B	B	V	T
S	U	E	C	A	D	R	E	X	O	I	A	D	H
M	B	N	L	E	T	A	R	Z	I	L	E	M	L
A	L	L	U	G	Z	F	E	C	B	X	E	V	Ñ
P	E	I	S	H	O	A	R	Q	I	O	T	I	Q
U	D	N	O	X	F	L	I	O	P	E	A	H	U
A	M	C	T	R	I	U	G	L	Ñ	F	I	L	N
E	U	E	R	C	E	T	S	A	E	E	R	U	S
L	A	M	Q	D	O	S	U	E	N	S	E	D	T
A	L	I	D	U	N	Z	H	A	D	L	A	T	E
B	E	V	O	A	B	O	G	C	E	B	R	A	C

Busca SETE árboles

H	P	U	B	L	E	Ñ	A	Q	Z	A	G	H	R	
V	M	O	A	R	I	E	V	I	L	O	V	G	P	
D	R	A	T	Z	P	A	B	L	E	Z	M	S	E	
X	L	M	R	E	L	E	F	L	Ñ	E	L	A	X	
P	T	E	E	V	A	R	I	E	C	A	M	Q	E	
E	P	I	S	O	R	D	C	T	U	I	E	H	G	
R	O	X	S	I	V	I	S	A	V	O	R	L	U	
E	U	E	A	L	X	H	U	S	R	L	E	V	E	
A	I	D	I	E	N	Q	G	F	I	E	S	L	C	I
R	C	R	D	C	E	P	E	C	R	O	I	N	R	
A	L	A	C	Q	L	O	T	D	P	B	V	T	O	
C	N	B	E	A	M	V	U	L	Z	M	N	O	P	
O	D	S	A	I	S	E	L	E	T	Q	P	A	I	
M	E	Ñ	L	E	C	A	N	O	C	E	I	R	A	

EVA MARÍA BARROS COUB

¿ADIVIÑAS QUIEN SON?



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12

Se o sabes, entrega a resposta na Secretaría e recibirás de premio,
tras sorteo, un par de CDs da túa elección



O Umia ó seu paso por Caldas de Reis

QUE OS DEUSES, ¿? ¿ HON-
REN A NOSA XEIRA, ¿? ¿ ...

ALBERTUS, A VER QUE
FAS COS CARTIÑOS. MA-
NOLUS, ¿QUE PENSAS?



A CUESTIÓN É... PODER OU
NON PODER.